



### Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar  
32003 Ourense  
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178  
CIF: G32244345

**MARINA VAZ QUINTILLÁN** deputada do Grupo Socialista da Deputación Provincial de Ourense, en base ó previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte:

### **PREGUNTA (3) PARA SER FORMULADA E RESPOSTADA ORALMENTE NO PLENO ORDINARIO DO 26 DE XANEIRO DE 2024:**

O día 30 de marzo do 2022 inaugurase no Concello de Riós un Centro do Maior municipal que contou cunha inversión de 575.000€ , dos cales 248.000 foron unha inversión feita polo Goberno galego e 250.000 pola Deputación de Ourense.

Anunciaban, nun acto de inauguración a bombo e platillo , o que asistían destacados membros do Partido Popular como o expresidente da Deputación , un Centro do Maior de 500 metros cadrados de superficie e unha capacidade de 30 prazas. A instalación contaría con comedor e cociña, sala de rehabilitación ,outra de usos polivalentes e outras dependencias comúns.

Todo isto nun concello que supera o millón de euros de débeda e está sometido a un plan de saneamento financeiro.

Como moitos vaticinábamos o centro que se iba a “abrir 15 días despois” da inauguración tardou en abrirse ata xusto uns días antes das eleccións municipais de maio de 2023, sin comedor, nin cociña, nin sala de rehabilitación, e por un período inferior a un ano xa que resulta imposible para un concello como Riós asumir os custos de mantemento dun local destas características.

Hoxe en día, o centro vai a pasar a ser unha Casa do Maior que dará servizo a 5 usuarios ,moi lonxe das 30 prazas anunciadas e deixando fóra do servizo a máis da metade dos usuarios que o empregaron durante os poucos meses de funcionamento do mesmo.

**¿Ten a Deputación de Ourense pensado facer algunha inversión neste centro para evitar que toda a millonada inicialmente orzamentada quede en desuso e darlle un servizo de calidade os veciños e veciñas de Riós tal e como lles foi prometido en época preelectoral?**

Ourense, a 25 de xaneiro de 2024

Asinado: Marina Vaz Quintillán

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**